

EXPEDIENTE: 211/2023/598 - PRÓRROGA CONVOCATORIA DE USOS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS

ACTA DA 2ª MESA DA PRÓRROGA DA CONVOCATORIA DE USOS AS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DESTINADAS A ACTIVIDADE FÍSICA E ADESTRAMENTOS. TEMPADA 2023/2024

No Palacio dos Deportes de Riazor na sala de reunións sendo as 12.00 horas do día 30 de outubro de 2023, están presentes na Mesa de Avaliación das solicitudes as seguintes persoas:

Presidente: Pablo Castedo López, xefe do Servizo Municipal de Deportes

Vogais: Antonio Pedraz Pollo, Director de instalacións deportivas municipais, Pablo Chacón Souto e Alexandre Fernández Fernández, técnicos superiores deportivos do Servizo Municipal de Deportes.

Secretaria: Juan José Gómez, administrativo do Servizo Municipal de Deportes.

A Mesa reúnese para atender o seguinte orde do día:

- Aceptación renuncias de uso
- Avaliación das novas solicitudes dos horarios libres
- Considerandos sobre a infrautilización dos usos concedidos

1.- Aceptación renuncias de uso de franxas horarias concedidas das seguintes entidades:

CD CIUDAD JARDÍN

Aténdese á solicitude de renuncia a PM Barrio, martes e xoves de 17.00 a 18.00

VICTORIA CF

Aténdese á solicitude de renuncia a PM Novo Mesoiro, xoves de 17.00 a 18.00

ASOCIACIÓN DE FÚTBOL AFICIONADO CORUÑÉS (AFAC)

Aténdese á solicitude de renuncia ao campo da Zapateira os martes e xoves de 20h a 22h.

CLUB DEPORTIVO A CORUÑA FILLOS DE BREGÁN

Aténdese a solicitude de renuncia aos horarios asignados no campo 3 da cidade Deportiva da Torre os mércores de 22h a 23h e os venres de 21h a 22h.

COMPAÑÍA DE MARÍA

Aténdese a solicitude de renuncia á pista central luns de 20.30 a 22.00 e xoves de 21.00 a 22.30

2. Avaliación das novas solicitudes dos horarios libres

CD CIUDAD JARDÍN

Estímase a solicitude de PM Labañou, martes de 17.00 a 18.00

CLUB MARISTAS

Estímase a solicitude de PM Novo Mesoiro, luns de 11:00 a 12.30

ASOCIACIÓN DE FÚTBOL AFICIONADO CORUÑÉS (AFAC)

Non se pode atender a solicitude do campo 5 da Cidade Deportiva da Torre de 19:30h a 22:30h por estar concedida a outra entidade, e de 20h a 22h por ser una franxa horaria para o uso polo Servizo Municipal de Deportes.

ASOCIACIÓN ESCUADRÓN SAS

Non se pode atender a solicitude por coincidir a franxa horaria co uso doutras entidades.

ASOCIACIÓN GALEGA DE ASPERGER

Estímase a solicitude concedéndose medio campo nº3 da Cidade Deportiva da Torre os venres de 21h a 23h.

CORUÑA ATLANTICS

Aténdese a solicitude de uso, concedéndose o campos da CD Torre seguintes:

- Campo 4 luns de 22h a 23h
- Campo 3.2 mércores de 22h a 23h.

CLUB BATALLADOR

Aténdese a solicitude para adestrar os xoves no campo 2 da CD Torre de 19.00 a 20.00, segundo acordo ao que chega coa AFAC. Porén, con carácter prioritario, a AFAC terá que renunciar a devandita franxa horaria e ser solicitada polo CLUB BATALLADOR a posteriori.

CLUB DEPORTIVO ESCLAVAS

Aténdese a petición de uso de campos de fútbol na seguinte franxa horaria: xoves 19:30h a 20:30h no Campo 5 da CD Torre.

Aténdese a petición de uso de pavillóns na seguinte franxa horaria: venres 18:30h a 20:30h no Puga Ramón.

CLUB DEPORTIVO ORZÁN

Aténdese a solicitude concedéndose o uso de 17h a 18h os mércores medio campo 3 da Cidade Deportiva da Torre.

CLUB DEPORTIVO A CORUÑA FILLOS DE BREOGÁN

Aténdese a solicitude concedéndose o uso de 20:30h a 22h os xoves no campo 5 da Cidade Deportiva da Torre.

CORUÑA ARBOCO CF

Aténdese a solicitude concedéndose o uso de 20h a 22h os martes no campo da Zapateira para o equipo xuvenil.

FUNDACIÓN RG DEPORTIVO

Aténdese a solicitude concedéndose o uso de 17h a 18h os mércores no campo 5 da Cidade Deportiva da Torre.

HÉRCULES CORUÑA FÚTBOL SALA

Aténdese a solicitude concedéndose o uso de 22h a 0.00h os mércores no pavillón polideportivo de Rosalía Mera.

HOCKEY CLUB CORUÑA FEMENINO

Aténdese a solicitude de uso da pista central luns de 20.30 a 22.00 e xoves de 21.00 a 22.30

CLUB PATINAXE LENDA

Desestímase a petición de uso do Ximnasio A de Riazor, sábados de 11.00 a 13.00 por estar ocupada a instalación

RÍTMICA CORUÑA

Estímase a petición do Ximnasio C de Riazor para os luns de 18.00 a 19.00

KEMPAPE

Estímase a petición da Polideportiva 1 de Riazor para os xoves de 22.00 a 23.30

CLUB DE MONTAÑA CORUÑA

Desestimada a petición de horario por estar ocupado o rocódromo

CLUB TRIATLON CORUÑA

Desestimada a petición de horario por estar ocupados por ARTABRIA, RÍAS ALTAS E NATACIÓN ESCOLAR

ASOCIACIÓN CORUÑESA DE WATERPOLO

Desestimada a petición de horario por estar ocupados por ARTABRIA, RÍAS ALTAS E NATACIÓN ESCOLAR

- 3. Considerandos sobre a infrautilización dos usos concedidos:** atendendo ao punto 10.g das bases da Convocatoria e constatado o feito de infrautilización das instalacións por parte dalgunhas entidades, na seguinte convocatoria da mesa darase un período de alegacións para que as entidades afectadas formulen as alegacións que consideren pertinentes.

De non se estimaren perderán o dereito ao uso da instalación nesas horas infrautilizadas durante o que resta de tempada.

Instruído o correspondente procedemento, dítase a resolución administrativa que corresponda, segundo o punto 11. EFECTOS DO INCUMPRIMENTO DAS NORMAS DE USO da propia convocatoria.

Sendo as catorce horas, levántase a reunión estendendo a presente acta para a súa constancia.

Vº e prace

O Presidente da Mesa

Asdo. Pablo Castedo López

O Secretario



Asdo. Juan José Gómez Cortés

Vogais:

Antonio Pedraz Pollo

Alexandre Fernández Fernández

Pablo Chacón Souto